
**Prego de Cláusulas Particulares para a contratación
por Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. das obras de
reparación, acondicionamento e reestruturación do
contorno da piscina do PTG**



Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

1. Táboa de Contidos

1. Táboa de Contidos	2
2. Ámbito do Prego	6
3. Cadro de características do contrato	6
4. Natureza e necesidades a satisfacer a través da presente licitación	11
5. Obxecto do prego	12
6. Natureza e réxime xurídico	12
7. Documentación con valor contractual	13
8. Órgano de contratación e forma de acceso ao Perfil do Contratante	13
9. Procedemento de adxudicación	13
10. Capacidade e solvencia das empresas	13
11. Unións temporais de empresas	15
12. Garantía provisional	17
13. Contido das proposicións	17
13.1. Sobre A - Documentación Administrativa	17
13.1.1. Documentación acreditativa da personalidade e da capacidade de obrar dos licitadores na forma esixida pola LCSP	18
13.1.2. Documentos acreditativos da representación	18
13.1.3. Solvencia económica e financeira	19
13.1.4. Solvencia técnica	19
13.1.5. Inscripción no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificados do Estado	19
13.1.6. Clasificación	19
13.2. Sobre B - Proposta técnica	20
13.3. Sobre C - Proposta económica e prazo de garantía	21
13.3.1. Proposta económica	21
14. Proposicións simultáneas	21

15. Prazo, lugar e requisitos de presentación das proposicións.....	21
15.1. Lugar e prazo de presentación das proposicións.....	21
15.2. Requisitos da documentación.....	22
16. Mesa de contratación, apertura de proposicións e proposta de adxudicación.....	23
16.1. Mesa de Contratación	23
16.2. Apertura de proposicións, cualificación da documentación e proposta de adxudicación	23
17. Criterios para a adxudicación do contrato	24
18. Criterios de desempate.....	24
19. Ofertas anormalmente baixas.....	25
20. Adxudicación do contrato	26
20.1. Adxudicación do contrato.....	26
21. Constitución da garantía definitiva, gastos de anuncios e formalización do contrato ..	27
21.1. Garantía definitiva	27
21.2. Gastos de anuncios	28
21.3. Formalización do contrato.....	28
22. Prazo de execución do contrato.....	28
23. Prazo de garantía	29
24. Gastos.....	29
25. Obrigas do adxudicatario	29
25.1. Execución dos traballos.....	29
25.2. Cumprimento de prazos.....	30
25.3. Director facultativo e responsable do contrato	30
25.4. Dirección e organización do traballo polo contratista.....	30
25.5. Coordinador en materia de seguridade e saúde.....	30
25.6. Plan de seguridade e saúde no traballo	31
25.7. Obrigas laborais e sociais.....	31

25.8. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde	32
26. Recepción das obras.....	33
27. Certificación final de obra	35
28. Responsabilidade por vicios ocultos	36
29. Forma de pagamento ao adxudicatario.....	36
30. Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo	37
31. Sinalización das obras.....	37
32. Dereitos do órgano de contratación	38
33. Obrigas de segredo profesional e protección de datos	38
34. Cesión do contrato	39
35. Subcontratación	39
36. Modificacións contractuais	42
37. Folga.....	42
38. Póliza de responsabilidade civil	42
39. Penalización por demora	43
40. Atrasos xustificados.....	44
41. Suspensión das obras.....	44
42. Extinción do contrato.....	45
43. Causas de resolución.....	45
44. Consecuencias da resolución	47
45. Devolución da garantía.....	48
46. Deber de colaboración, dilixencia e boa fe	48
47. Anexo I. Datos identificativos do licitador para efectos de notificacións	49
48. Anexo II. Modelo sometemento xurisdicción	50
49. Anexo III. Documento Europeo Único de Contratación	51
50. Anexo IV. Modelo de declaración sobre pertencencia a un Grupo Empresarial	88
51. Anexo V. Modelo de proposta económica e prazos.....	89

52. Anexo VI. Declaración para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ... 90

2. Ámbito do Prego

O presente Prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que deben rexer a contratación por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (en diante tamén PTG, S.A.) das obras de reparación, acondicionamento e reestruturación no contorno da piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia (en diante tamén PTG).

Os dereitos e obrigas das partes que se derivan da execución do contrato que se saca a concurso rexeranse en canto á súa aplicación e interpretación polo establecido no contrato, no presente Prego, no Prego de Prescricións Técnicas, e, só no non previsto expresamente nos documentos anteriores, polos artigos aplicables aos poderes adxudicadores non administracións públicas da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (a partir deste momento, LCSP) e, no non previsto nesta, polas normas de Dereito privado que resulten de aplicación ao contrato.

3. Cadro de características do contrato

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN Nº: PTG 3/2018

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O Consello de Administración de PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. cuxa función de contratación está delegada na persoa do seu vicepresidente e conselleiro delegado

1. **OBJECTO DO CONTRATO:**

Obras de reparación, acondicionamento e reestruturación no contorno da piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia.

As prestacións obxecto da presente contratación correspóndese co código 4500000-7 "Traballos de construción" da Nomenclatura CPV da Comisión Europea Regulamento (CE) non 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento (CE) no 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV).

2. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TIPO DE CONTRATO

Contrato non suxeito a regulación harmonizada

Procedemento de Adxudicación: Aberto

Tipo de contrato: OBRAS

3. PUBLICACIÓN ANUNCIO

- Perfil do Contratante da web corporativa www.tecnopole.es

- Plataforma de Contratación Pública de Galicia: www.contratosdeg Galicia.es

4. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Presuposto base de licitación e valor estimado do contrato:

O importe do presuposto base de licitación máximo autorizado para a contratación é de **TRESCENTOS MIL SEISCENTOS CORENTA E UN EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (300.641,28 €)**, IVE incluído, que se analiza como segue:

Total (sen IVE): 248.463,87 €

IVE (21%): 52.177,41 €

Total (IVE incluído): 300.641,28 €

As proposicións non poderán superar o límite do presuposto máximo autorizado.

Nos presupostos aprobados por PTG, S.A. para o exercicio 2018 existe crédito abondo para facer fronte ao compromiso de gasto polo importe máximo de licitación previsto para a devandita anualidade.

A desagregación do presuposto base de licitación atópase recollido no proxecto.

O valor estimado do contrato ascende a **DOUSCENTOS CORENTA E OITO MIL CATROCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (248.463,87 €)**

5. CONSIDERACIÓNS SOBRE O PREZO

REVISIÓN DE PREZOS.

Non procede a revisión de prezos no presente contrato

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

- a) Por correo certificado ou entrega persoal no domicilio social de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., no edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das Viñas (Ourense), en horario de 9.00 da mañá ata as 15.00 da tarde de luns a venres..
- b) Prazo de presentación de Ofertas: **26 días naturais** dende a data de publicación do anuncio no perfil do contratante.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN:

- 1. CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 50 puntos):** supoñen un peso do 50% na valoración total e valorarase de acordo co seguinte criterio:

- **Calidade da oferta técnica** elaborada de acordo co especificado no Prego de Prescricións Técnicas onde aparecerá acreditado o dominio conceptual, metodolóxico e técnico axeitado para a execución do contrato e reflectirá a capacidade técnica e requisitos necesarios para executar a obra segundo o desenvolvemento do previsto (máximo 50 puntos).

Esixese un mínimo de 30 puntos a alcanzar neste criterio, por debaixo do cal se considerará que as ofertas non reúnen os requisitos mínimos e polo tanto serán descartadas e excluídas do procedemento de adxudicación.

A valoración e ponderación deste criterio de adxudicación (calidade da oferta técnica) realizarase atendendo aos seguintes aspectos (subcriterios de valoración), outorgando a puntuación máxima en cada subcriterio ao licitador que presente a mellor oferta e ao resto de forma proporcional:

- i. Coñecemento do proxecto (máximo 12 puntos). Valorarase na medida en que se demostre o coñecemento dos posibles puntos conflictivos deste detallando os sistemas construtivos aplicados e as súas solucións coherentes.
- ii. Plan de obra (máximo 6 puntos). Programa de construción no prazo proposto. O licitador debe presentar un diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra e investimentos. **Neste programa non poderá deducirse o contido do sobre C.**
- iii. Memoria de planificación (máximo 15 puntos) Memoria de planificación, tendo en conta os

equipos humanos e materiais adscritos á obra. Valorarase o contido e grao de detalle da planificación, así como a desagregación en actividades e subactividades.

iv. Memoria descriptiva do proceso de construción e incremento dos recursos humanos mínimos (máximo 12 puntos) Memoria descriptiva do proceso de construción e incremento dos recursos humanos mínimos, incluíndo como mínimo os seguintes apartados:

- grao de formación, experiencia e formación adicional do persoal encargado de executar o contrato (4 puntos)

- organigrama funcional do persoal dedicado ao contrato (3 puntos)

- fichas técnicas de dimensionamento dos equipos que executen as unidades de obra descritas no proxecto (2 puntos)

- relación de fontes de abastecemento de materiais e validación deste (2 puntos)

- análise das necesidades de abastos (1 punto)

v. Xestión de residuos e actuacións ambientais innovadoras distintas das previstas con carácter xeral na lei (máximo 5 puntos)

2. CRITERIOS QUE NON DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 50 puntos): supoñen un peso do 50% na valoración total e valorarase de acordo co seguinte criterio:

- Valoración económica (máximo 40 puntos)

Valorarase con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adjudicación o presuposto base máximo de licitación establecido neste Prego (apartado 4 do Cadro de características do contrato).

Valorarase con corenta (40) puntos a oferta que propoña o mellor prezo de entre as ofertas admitidas.

Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas admitidas realizarase mediante un cálculo proporcional utilizando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos a} = 40 \times \frac{[P_m - P_a]}{[P_m - P_b]}$$

Sendo:

Puntos a = puntuación valoración económica da oferta "a"

P_m = presuposto base máximo de licitación (sen IVE)

P_a = prezo da oferta "a" (sen IVE)

P_b = prezo da oferta máis baixa das admitidas (sen IVE)

Quedarán excluídas do procedemento de adjudicación aquelas ofertas que superen o presuposto base máximo de licitación.

- Ampliación do período de garantía (máximo 10 puntos).

Valorarase ata unha ampliación de 48 meses sobre a garantía mínima esixida.

Valorarase con cero puntos (0 puntos) en caso de que non amplíe o prazo de garantía. As empresas que presenten ampliación do prazo de garantía puntuaranse de forma proporcional, de modo que se outorgará 0 puntos ao licitador que non oferte aumento do prazo de garantía, 10 puntos a quen ofrezca un aumento de 48 meses e, ao resto de licitadores, de forma proporcional.

O prazo ofertado sumarase ao prazo de garantía mínimo de 12 meses establecido no apartado 17 do cadro de características deste Prego.

8. OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

Consideraranse anormalmente baixas as ofertas económicas situadas por debaixo do 80% da media das ofertas presentadas e admitidas, segundo se establece na cláusula 17 do presente prego.

9. GASTOS DE PUBLICIDADE

Non se contemplan.

10. FORMA DE PAGAMENTO

Realizarase de conformidade co establecido nas cláusulas do presente prego.

11. MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación está composta por:

- 1 Presidente: Director xerente de PTG, S.A.
- 1 Secretaria: Unha persoa do Departamento de Administración e Finanzas de PTG, S.A.
- 4 Vogais: Directora do Departamento de Administración e Finanzas, dúas persoas do Departamento de Proxectos e un asesor xurídico de PTG, S.A.

A concreta composición da mesa será obxecto de publicación no perfil do contratante.

12. **GARANTÍA PROVISIONAL:** Non se solicita.

13. **GARANTÍA DEFINITIVA:** O adxudicatario estará obrigado a constituír unha garantía definitiva a favor de PTG, S.A. por importe igual ao 5% do importe da adjudicación, IVE excluído, dentro dos 10 días hábiles seguintes a contar dende o seguinte aquel en que recibise o requirimento do órgano de contratación ao que se refire a cláusula 18.1. a) deste Prego.

14. **SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA**

Conforme ao especificado na cláusula 10 do presente prego

15. **CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE:**

Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Edificio CEI - Parque Tecnolóxico de Galicia

32900 San Cibrao das Viñas

Ourense - España

Teléfono: +34 988 368100 Fax: +34 902 501 425

e-mail gerencia@tecnopole.es

16. **PRAZO DE EXECUCIÓN**

Dous meses dende a sinatura da Acta de Comprobación de reformulo das obras. Estarase ao disposto nas cláusulas do presente prego.

17. **PRAZO DE GARANTÍA**

12 meses dende a sinatura da Acta de recepción de conformidade das obras.

18. **CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**

Na execución do contrato débese empregar un mínimo dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social. O incumprimento desta condición é causa de resolución do contrato segundo o disposto na cláusula 25.8. deste Prego.

4. Natureza e necesidades a satisfacer a través da presente licitación

A sociedade xestora do Parque Tecnolóxico de Galicia é o único ente creado para levar a cabo as accións de posta en marcha, xestión e supervisión de todas as actividades que se xeren e desenvolvan na súa superficie, urbanización, zona institucional e no Centro de Empresas e Innovación, do devandito parque.

En data 13 de decembro de 2017 asinouse resolución de concesión demanial a favor de PTG, S.A. autorizada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, por un período de 10 anos prorrogables ata un máximo de 75 anos, dunha relación de parcelas entre as que atopa a parcela identificada como 1 H "zona deportiva privada" e parte da parcela 2 V "zona verde". Nestas parcelas atópanse a piscina e o seu contorno, os cales se pretenden acondicionar para a súa posta en funcionamento.

Mediante a presente licitación preténdese a contratación das obras de reparación, acondicionamento e reestruturación do contorno da piscina do PTG segundo se describen ao longo deste Prego, no Prego de Prescricións Técnicas e de conformidade co proxecto redactado polos arquitectos Iago Fernández Blanco e Álvaro Touza Pol.

5. Obxecto do prego

É obxecto do presente Prego de Condicións a regulación das condicións de contratación para, mediante procedemento aberto, adxudicar o contrato das obras de reparación, acondicionamento e posta a punto das instalacións deportivas de acordo coas especificacións contidas neste Prego e no Prego de Prescricións Técnicas e de acordo co proxecto redactado polos arquitectos Iago Fernández Blanco e Álvaro Touza Pol.

O contrato axustarase ao contido en ambos os dous pregos, cuxos contidos se considerarán parte integrante daquel, e cuxas cláusulas e prescricións deben rexer a execución e condicións da prestación.

6. Natureza e réxime xurídico

O presente contrato é un contrato de obras de carácter privado, de acordo coas previsións dos artigos 13 e 26 da LCSP. En todo o non previsto nas presentes cláusulas, rexerase polas normas que se citan a continuación e conforme a orde establecida no presente Prego:

1º Polo establecido no contrato.

2ª Polo disposto no presente Prego de Cláusulas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas.

3º Polo sinalado na oferta realizada polo adxudicatario.

4º Polas normas que resulten de aplicación da LCSP aos poderes adxudicadores que non teñan a consideración de administración pública e, no seu defecto, polo Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será a competente para resolver as cuestións referidas á preparación, adxudicación e modificacións contractuais, cando a impugnación destas últimas se basee no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, cando se entenda que a devandita modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as cuestións litixiosas que afecten aos efectos, cumprimento e extinción.

Os licitadores renuncian expresamente ao foro xurisdiccional que, de ser o caso, puidese corresponderlles, someténdose expresamente á xurisdición dos xulgados ou tribunais da cidade de Ourense.

7. Documentación con valor contractual

Terán valor contractual, coa seguinte orde de prelación, os seguintes documentos:

1º O contrato.

2º O presente Prego de Cláusulas Particulares xunto co de Prescricións Técnicas.

3º Proxecto.

4º A oferta do licitador, en todo aquilo que non contraveña os pregos e demais normativa de aplicación.

5º Calquera outra documentación adicional á que se lle atribúa tal valor no presente Prego.

8. Órgano de contratación e forma de acceso ao Perfil do Contratante

O órgano de contratación é o Consello de Administración da sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., cuxa función de contratación está delegada na persoa do vicepresidente e conselleiro delegado deste.

A información relativa ao presente contrato que, de acordo co establecido neste prego, vaia ser publicada a través do perfil do contratante poderá ser consultada no seguinte enderezo electrónico: www.contratosdegalicia.es

O acceso ao perfil do contratante de PTG S.A., realizarase a través da páxina web www.tecnopole.es.

9. Procedemento de adxudicación

O contrato obxecto do presente Prego de Cláusulas Particulares será adxudicado mediante **procedemento aberto**, de tal maneira que a adxudicación deste recaerá na oferta con máis puntuación de conformidade cos criterios de adxudicación contidos no presente Prego de Cláusulas Particulares.

10. Capacidade e solvencia das empresas

Estarán facultadas para contratar con PTG as persoas físicas e xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen incursas en ningunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. A proba de non estar incursas en prohibicións de contratar realizarase de conformidade co establecido no artigo 85 da LCSP.

Os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do presente contrato.

Así mesmo, será requisito para contratar con PTG que as persoas físicas e xurídicas teñan

unha finalidade ou actividade relacionada directamente co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os licitadores deberán poder acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional de conformidade cos artigos 86 e seguintes da LCSP e, concretamente, esixirase ao licitador que resulte adxudicatario o seguinte:

A **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse polo seguinte medio:

Volume anual de negocios referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao presuposto base de licitación desta contratación (apartado 4 do Cadro de características do contrato) en algún dos tres últimos exercicios concluídos.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio dunha declaración responsable do empresario, se ben o órgano de contratación poderá en calquera momento durante a tramitación do procedemento de adxudicación requirir aos licitadores para que xustifiquen o volume declarado mediante a presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, no caso de que o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e no caso contrario polas depositadas en rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios, se así fosen requiridos, mediante os seus libros de inventarios e contas anuais debidamente legalizados.

Cando por unha razón válida, o licitador non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado.

- A **solvencia técnica ou profesional** acreditarase coa presentación de todos os seguintes medios:

1) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, os ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último ostente directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a devandita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Só se terán en conta para os efectos de acreditar a solvencia as obras relacionadas co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionadas e respecto das cales se acheguen certificacións ou declaracións do empresario ao que se fai referencia neste apartado. Reputarase solvente o licitador que realizara, nos cinco últimos anos, unha obra similar. Entenderase por obra similar aquela que inclúa as seguintes actuacións (non teñen que formar parte todas elas da mesma obra, poden estar incluídas en distintas obras):

- demolicións

- albanelería, revocos e revestidos
- pavimentos
- solados e azulexados
- illamentos e impermeabilizacións
- fontanería e sanitarias
- xardinería e plantacións

Para o cálculo do citado período de cinco últimos anos, tomarase como referencia de fin do devandito período o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente á presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos das obras referidas, que deben gardar relación co obxecto do contrato.

- 2) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

O equipo humano que se esixe para ser solvente é o seguinte:

- un delegado de obra, titulado superior, enxeñeiro ou arquitecto
- un xefe de obra, con experiencia mínima de 4 anos en obras similares á do contrato e cun presuposto de execución material igual ou superior á metade do importe de licitación desta contratación
- un enxeñeiro técnico industrial con especialidade en instalacións en xeral cun mínimo de 5 anos de experiencia en obras de edificacións cun presuposto de execución material igual ou superior a 50.000 €
- un técnico en seguridade e saúde cun mínimo de 5 anos de experiencia en obras de natureza análoga á do contrato e cun presuposto de execución material igual ou superior á metade do importe de licitación desta contratación

- 3) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución da obra, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente. Non se esixe un mínimo neste apartado.

Se o contratista é unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase polos criterios 2 e 3 anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido no criterio 1 relativo á execución dun número determinado de obras.

A solvencia tamén se pode acreditar con medios externos tendo en conta o regulado no artigo 75 da LCSP.

11. Unións temporais de empresas

De presentarse á licitación unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, non será necesaria a formalización destas en escritura pública ata que se efectuase a adjudicación ao seu favor. Non obstante, os empresarios integrados nela indicarán os seus nomes e

circunstancias, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatario.

Así mesmo, deberán obrigarse todos os seus membros solidariamente ante PTG e nomear un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes ante a sociedade para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Se durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato se producise a modificación da composición da unión temporal de empresas, esta quedará excluída do procedemento. Non terá a consideración de modificación da composición a alteración da participación das empresas sempre que se manteña a mesma clasificación. Quedará excluída tamén do procedemento de adxudicación do contrato a unión temporal de empresas cando algunha ou algunhas das empresas que a integren quedase incurso en prohibición de contratar.

As operacións de fusión, escisión e achega ou transmisión de rama de actividade de que sexan obxecto algunha ou algunhas empresas integradas nunha unión temporal non impedirán a continuación desta no procedemento de adxudicación. No caso de que a sociedade absorbente, o resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente da rama de actividade, non sexan empresas integrantes da unión temporal, será necesario que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar e que se manteña a solvencia, a capacidade ou clasificación esixida.

Unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas, observaranse as seguintes regras:

a) Cando a modificación da composición da unión temporal supoña o aumento do número de empresas, a súa diminución, ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras, necesitarase a autorización previa e expresa do órgano de contratación, debéndose executar o contrato polo menos nun 20% do seu importe. En todo caso será necesario que se manteña a solvencia ou clasificación esixida e que na nova configuración da unión temporal as empresas que a integren teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibición de contratar.

b) Cando teña lugar respecto dalgunha ou algunhas empresas integrantes da unión temporal operacións de fusión, escisión ou transmisión de rama de actividade, continuará a execución do contrato coa unión temporal adxudicataria. No caso de que a sociedade absorbente, o resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente da rama de actividade, non sexan empresas integrantes da unión temporal, será necesario que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar e que se manteña a solvencia, a capacidade ou clasificación esixida.

c) Cando algunha ou algunhas das empresas integrantes da unión temporal fosen declaradas en concurso de acredores e aínda cando se abra a fase de liquidación, continuará a execución do contrato coa empresa ou empresas restantes sempre que estas cumpran os requisitos de solvencia ou clasificación esixidos.

Cando no exercicio das súas funcións a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación, apreciasen posibles indicios de colusión entre empresas que concorran agrupadas nunha unión temporal, os mesmos requirirán estas empresas para que, dándolles prazo abondo, xustifiquen de forma expresa e motivada as razóns para concorrer agrupadas.

Cando a mesa ou o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polas empresas, considerase que existen indicios fundados de colusión entre elas, trasladaraos á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, no seu caso, á autoridade de competencia autonómica

correspondente, para os efectos de que, logo de substanciación de procedemento sumarísimo a que se refire o artigo 150.1, terceiro parágrafo, de LCSP, se pronuncie sobre aqueles.

12. Garantía provisional

Non se esixe garantía provisional.

13. Contido das proposicións

A documentación para a presente licitación presentárase en sobre pechado, de forma que se garanta o segredo da oferta, identificado no seu exterior, con indicación da licitación á que concorre, e firmado polo licitador, ou a persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

As propostas efectuaranse en tres sobres que conteñan os documentos ou arquivos electrónicos, identificados coas letras A, B ou C, nos que se incluírá a documentación que a continuación se indica.

Todos os documentos dos distintos sobres ou arquivos electrónicos haberán de incluírse en formato electrónico non editable (por exemplo, en formato PDF/A ou similar) e debidamente asinados con firma electrónica recoñecida de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Firma Electrónica.

13.1. Sobre A - Documentación Administrativa

No sobre A incluíranse os seguintes anexos, que se facilitan nos presentes pregos:

Anexo I: Datos identificativos do licitador para os efectos de notificación.

Anexo II: Modelo de sometemento a xurisdición.

Anexo III: Documento Europeo Único de Contratación.

Anexo IV: Modelo de declaración sobre pertenza a un grupo empresarial.

Os empresarios estranxeiros deberán presentar, ademais da documentación sinalada con anterioridade, a documentación que se especifica a continuación:

Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais Españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, renunciando no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (artigo 140.1 f. LCSP). As empresas de Estados que non sexan membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán achegar:

- Informe que acredite a capacidade de obrar expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar, logo de acreditación por empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto de contrato.

- Informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68 LCSP. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de

Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A Mesa de Contratación **solicitará ao licitador que resulte adxudicatario os seguintes documentos** relacionados nos seguintes apartados 13.1.1., 13.1.2., 13.1.3., 13.1.4., 13.1.5. e 13.1.6. orixinais, copias auténticas ou fotocopias compulsadas destes, acompañados, en folia independente, dunha relación de todos os documentos que o licitador inclúa neste sobre. Desta solicitude exclúese a xa entregada no sobre A.

13.1.1. Documentación acreditativa da personalidade e da capacidade de obrar dos licitadores na forma esixida pola LCSP

1. - En caso de empresarios individuais, deberán presentar fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou do documento que regulamentariamente o substitúa, con expresión das circunstancias persoais e o domicilio.

2. - A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

3. - A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

4. - Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial da cal radique o domicilio da empresa.

13.1.2. Documentos acreditativos da representación

- Os que comparezan e asinen proposicións en nome doutro deberán presentar copia compulsada do DNI do apoderado ou apoderados, ou do documento que regulamentariamente o substitúa.
- Se o licitador fose unha persoa individual, acompañarase copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.
- Se o licitador fose unha persoa xurídica, acompañarase copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente destes documentos, presentarase ademais escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil.
- Coa finalidade de xustificar axeitadamente a representación ante o órgano de contratación, acompañarase o correspondente poder declarado bastante por un letrado da Xunta de Galicia ou avogado do Estado, outorgado ao seu favor, en caso de que actuase en representación dun terceiro ou dunha persoa xurídica.

13.1.3. Solvencia económica e financeira

Os licitadores, tanto nacionais como estranxeiros, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira de acordo con disposto da LCSP na cláusula 10 deste Prego.

Para este punto utilizarase o modelo que se achega no presente Prego: Anexo VI (apartado 1). Así mesmo, terán que achegarse os documentos xustificativos correspondentes dos distintos criterios de solvencia sinalados na cláusula 10.

13.1.4. Solvencia técnica

A solvencia técnica ou profesional dos licitadores acreditarase de conformidade ao previsto na LCSP a cláusula 10 deste Prego.

Para a acreditación da solvencia técnica respecto da relación de obras executadas utilizarase o modelo que se achega no presente Prego: Anexo VI (apartado 2). Así mesmo, terán que achegarse os documentos xustificativos correspondentes dos distintos criterios de solvencia sinalados na cláusula 10.

13.1.5. Inscripción no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificados do Estado

De acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, os licitadores inscritos no citado Rexistro quedarán exonerados de presentar a documentación que se atope vixente no devandito Rexistro o último día de presentación das proposicións relativa á acreditación da capacidade xurídica, representación e clasificación, se é o caso. Tampouco terá o licitador inscrito no Rexistro de Contratistas que presentar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias coa facenda estatal, coa autonómica galega e coa Seguridade Social, nin a xustificación de estar de alta e ao corrente do Imposto de Actividades Económicas (ou acreditativa da exención), no caso de que obren en poder do dito Rexistro e estean vixentes no último día do prazo para presentar proposicións. Nestes casos, o licitador deberá presentar unha certificación acreditativa da inscrición no citado Rexistro con indicación expresa do estado da documentación obrante neste.

De conformidade co artigo 19 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificados do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación, a teor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Os empresarios estranxeiros, no caso de non se encontrar clasificados en España, deberán presentar, en substitución da clasificación, a documentación acreditativa da súa solvencia económica, financeira e técnica, sen prexuízo do disposto no artigo 97 da LCSP sobre os certificados comunitarios de clasificación.

13.1.6. Clasificación

Non se esixe clasificación como contratista de obras por ter un importe inferior a 500.000 €, de acordo co disposto no artigo 77.1 a) da LCSP.

Non obstante o anterior, a clasificación en **Grupo C, Edificacións, categoría 2, (subgrupos**

1, 4, 6 e 7), Grupo J (subgrupo 4) e grupo K (subgrupo 6) considerárase substitutiva da solvencia económica e financeira, técnica e profesional xenérica esixidas nos apartados anteriores, salvo o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución nos termos que se establecen na cláusula 10 deste prego e que deberá ser achegado en todo caso coa documentación requirida para acreditala.

13.2. Sobre B - Proposta técnica

A proposición técnica será formulada de conformidade coas prescricións técnicas que se desenvolven no Prego de Prescricións Técnicas.

Documentación técnica a presentar, na orde que a continuación se relaciona e que inclúa todos os apartados descritos, a falta dalgún deles será causa de exclusión do procedemento:

- a. PRESENTACIÓN DA EMPRESA
- b. PROPOSTA TÉCNICA
 - i. Coñecemento do proxecto. Valorarase na medida en que se demostre o coñecemento dos posibles puntos conflitivos deste detallando os sistemas construtivos aplicados e as súas solucións coherentes.
 - ii. Plan de obra. Programa de construción no prazo proposto. O licitador debe presentar un diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra e investimentos. **Neste programa non poderá deducirse o contido do sobre C.**
 - iii. Memoria de planificación, tendo en conta os equipos humanos e materiais adscritos á obra. Valorarase o contido e grao de detalle da planificación, así como o por separado en actividades e subactividades.
 - iv. Memoria descritiva do proceso de construción e incremento dos recursos humanos mínimos, incluíndo como mínimo os seguintes apartados:
 - grao de formación, experiencia e formación adicional do persoal encargado de executar o contrato.
 - organigrama funcional do persoal dedicado ao contrato
 - fichas técnicas de dimensionamento dos equipos que executen as unidades de obra descritas no proxecto
 - relación de fontes de abastecemento de materiais e validación deste
 - análise das necesidades de abastos
 - v. Memoria de prevención de riscos laborais.
 - vi. Programa de actuacións ambientais e xestión de residuos.
 - vii. Plan de control de calidade da obra. Achegarase un plan específico para a obra.

Calquera outra documentación necesaria para a valoración técnica do ofertante segundo os criterios de adjudicación establecidos no apartado 7 do cadro de características.

Unicamente se valorarán as propostas técnicas que se presenten en formato dixital mediante arquivos pdf e que non excedan as 60 páxinas en total, as cales haberán de estar redactadas en Times New Roman tamaño 12.

Os arquivos electrónicos haberán de incluírse en formato electrónico non editable (por exemplo, en formato PDF/A ou similar) e debidamente **asinados con firma electrónica recoñecida** de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Firma Electrónica.

13.3. Sobre C - Proposta económica e prazo de garantía

Neste sobre incluírase a información relativa a:

- Proposta económica
- Prazo de garantía

Esta información presentarase seguindo o modelo **Anexo V** deste prego.

13.3.1. Proposta económica

A oferta efectuarase pola totalidade da prestación obxecto do contrato, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas esixibles, e en particular o Imposto sobre o Valor Engadido, polo que o licitador propón a realización das obras recollidas no presente Prego, no Prego de Prescricións Técnicas e na súa proposta técnica.

A taxa de licenza de obra e o imposto sobre construcións, instalacións e obras xa foron pagados por PTG, S.A. polo que o licitador non deberá facerse cargo destes dous conceptos.

14. Proposicións simultáneas

Na licitación do contrato regulado no presente Prego, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 142 da LCSP respecto á admisibilidade de variantes ou melloras.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción do previsto nos dous parágrafos anteriores dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

15. Prazo, lugar e requisitos de presentación das proposicións

15.1. Lugar e prazo de presentación das proposicións

O prazo de presentación das ofertas será de 26 días naturais dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante (ata as 15.00 h).

En canto ao lugar de presentación das proposicións, estas deberán ser remitidas por correo certificado ou entrega persoal no enderezo Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., 32900 San Cibrao das Viñas (Ourense), á atención do Departamento de Administración e Finanzas, en horario de 9.00 da mañá ata as 15.00 da tarde (de luns a venres).

Se algunha empresa licitadora considera oportuno algún tipo de aclaración poderá solicitalo por

escrito ao fax (902.501.425) ou correo electrónico (gerencia@tecnopole.es), indicando o nome da empresa, un teléfono de contacto e o nome da persoa que vai realizar a visita, facilitándoselle día e hora para a devandita visita. Así mesmo, tamén se poderá solicitar aclaracións a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Cando as proposicións se envíen por correo certificado, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama o mesmo día. Tamén poderá anunciarse por correo electrónico. O envío do anuncio por correo electrónico só será válido se existe constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica de forma fidedigna ao remitente e ao destinatario. Neste suposto, procederase á obtención de copia impresa e ao seu rexistro, que se incorporará ao expediente.

Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Non obstante, **concorrendo os requisitos anteriores, non será admitida, en ningún caso,** a documentación enviada por correo que se recibise transcorridos **3 días hábiles** dende a finalización do prazo fixado para a admisión de propostas.

Cando a proposición se presente nas dependencias sinaladas polo órgano de contratación, este rexistrará a solicitude de participación e devolverá unha copia selada desta como resguardo da participación.

Unha vez remitida a documentación, esta non poderá ser retirada salvo por causa xustificada. Rematado o prazo de recepción, as oficinas receptoras expedirán certificación relacionada da documentación recibida ou da ausencia de licitadores, se é o caso, que xuntamente coa documentación remitirán ao secretario da Mesa de Contratación.

15.2. Requisitos da documentación

A presentación de proposicións presume por parte do concorrente **a aceptación incondicionada** das cláusulas do presente Prego, do Prego de Prescricións Técnicas e dos restantes documentos que teñen carácter contractual, sen salvidade ou reserva ningunha, así como a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar con PTG. Calquera salvidade entenderase en todo caso como non posta.

Así mesmo, a presentación dunha proposición supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

As proposicións presentaranse en lingua castelá e/ou galega e **a información da proposta técnica debe facilitarse en soporte informático con arquivos en formato pdf.**

As proposicións presentaranse escritas a máquina ou outro tipo de impresión mecánica ou informática, en formato electrónico nos termos indicados no presente prego, e non se aceptará ningún

documento manuscrito nin con omisións, erros ou emendas que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.

A totalidade do custo da elaboración da documentación para a confección das ofertas que se presentan á licitación será por conta dos licitadores, que non poderán reclamar compensación económica ningunha en caso de non resultar adxudicatarios.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou riscaduras que impidan coñecer claramente todo aquilo que PTG considere fundamental para a oferta, ou que incorra nos supostos establecidos no artigo 84 do RGCAP.

As ofertas terán unha validez de 6 meses, contados a partir da data de apertura das proposicións.

As proposicións serán secretas.

Unha vez presentada a oferta, o licitador non poderá retirala, salvo nos casos expresamente previstos no presente Prego ou na LCSP, quedando obrigado a cumprir o contrato, se lle fose adxudicado, que será inalterable a partir do seu perfeccionamento, e deberá ser cumprido con estrita suxeición ás cláusulas e os pregos que lle serven de base, as condicións xurídicas e económicas da cal só poderán modificarse con base ás causas admitidas no presente Prego e na lexislación aplicable.

16. Mesa de contratación, apertura de proposicións e proposta de adxudicación

16.1. Mesa de Contratación

O órgano de contratación, para a adxudicación do contrato, estará asistido dunha Mesa de Contratación, constituída polas persoas que se indican no apartado 11 do cadro de características do contrato.

En caso de ausencia de calquera dos seus membros, as persoas encargadas da designación destes nomearán os que deban substituílos.

16.2. Apertura de proposicións, cualificación da documentación e proposta de adxudicación

A apertura das ofertas levarase a cabo pola Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación unha vez concluído o prazo de presentación de ofertas, procederá á apertura do Sobre A, cualificará a documentación contida e procederá a requirir, se procede, a reparación de defectos ou omisións reparables detectados e a achega de documentación adicional. O prazo que concederá aos empresarios para corrixir os defectos ou omisións reparables detectados será de tres días.

Nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura do sobre A, procederase, en **acto público**, á apertura do sobre B, co obxecto de proceder a avaliar o seu contido conforme aos criterios recollidos no presente prego.

O devandito acto iniciarase cun pronunciamento expreso sobre a cualificación das proposicións

efectuadas pola mesa, identificando as admitidas a licitación, as rexeitadas e, neste caso, as causas do seu rexeitamento.

Excluírase do procedemento de licitación aqueles licitadores que incorporen no sobre B documentación que deba formar parte do sobre C e, en consecuencia, obxecto de valoración posterior.

A continuación, a mesa de contratación levará a cabo a avaliación do sobre B a cuxo efecto poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos.

Serán excluídas aquelas proposicións que non dean cumprimento ás previsións do prego de prescricións técnicas. Para estes efectos, a mesa de contratación poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos

Unha vez avaliado o sobre B, convocarase un novo **acto público** no que se procederá en primeiro lugar a publicar o resultado da valoración do sobre B. Así mesmo, indicará aqueles licitadores que han de ser excluídos por non alcanzar a puntuación mínima esixible.

Seguidamente, a mesa procederá á apertura do sobre C dos licitadores admitidos, dando lectura ás ofertas económicas.

A documentación contida nestes sobres será avaliada conforme aos criterios de avaliación previstos no presente prego, a cuxo efecto poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos.

Unha vez valoradas as ofertas, a mesa de contratación remitirá ao órgano de contratación a correspondente proposta de clasificación e adxudicación, na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente, incluíndo a puntuación outorgada a cada unha das ofertas por aplicación dos distintos criterios de adxudicación e identificando a mellor oferta puntuada.

De todo o actuado conforme aos apartados anteriores, deixarase constancia nas actas correspondentes nas que se reflectirá o resultado de procedemento e as súas incidencias.

O resultado dos actos da mesa de contratación de cualificación, admisión e exclusión das ofertas publicarase no perfil do contratante. Excluírase aquela información que non sexa susceptible de publicación de conformidade coa lexislación vixente. Todo iso, sen prexuízo da necesaria comunicación ou notificación, segundo proceda, aos licitadores afectados.

O acto de exclusión dun licitador será notificado a este.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do empresario proposto fronte ao PTG. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

17. Criterios para a adxudicación do contrato

Os criterios a ter en conta para a adxudicación son os que se establecen no apartado 7 do Cadro de características do contrato que acompaña a este Prego coa ponderación que no devandito apartado se recolle.

18. Criterios de desempate

Para o caso de que, unha vez aplicados os criterios de adxudicación, se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, o desempate resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no equipo de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en equipo, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no equipo.

b) Menor porcentaxe de contratos temporais no equipo de cada unha das empresas.

c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no equipo de cada unha das empresas.

d) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

Para verificar os criterios de desempate, a mesa de contratación poderá requirir os licitadores para que presenten a documentación necesaria ao efecto.

19. Ofertas anormalmente baixas

Consideraranse ofertas anormalmente baixas as ofertas económicas situadas por debaixo do 80% da media de todas as ofertas presentadas.

Cando a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación tivera identificado unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir o licitador ou licitadores que as presentasen dándolles prazo suficiente para que xustifiquen e analicen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definira a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación dirixa ao licitador deberá formularse con claridade de maneira que estes estean en condicións de xustificar plena e oportunamente a viabilidade da oferta.

Concretamente, a mesa de contratación ou no seu defecto o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

- i. O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- ii. As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,
- iii. A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- iv. O respecto de obrigas que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.
- v. Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP-

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Nos casos en que se comprobe que unha oferta é anormalmente baixa debido a que o licitador obtivo unha axuda de Estado, só poderá rexeitarse a proposición por esta única causa se aquel non pode acreditar que tal axuda se concedeu sen contravir as disposicións comunitarias en materia de axudas públicas. O órgano de contratación que rexeite unha oferta por esta razón deberá informar diso a Comisión Europea, cando o procedemento de adxudicación se refira a un contrato suxeito a regulación harmonizada.

A mesa de contratación, ou no seu defecto, o órgano de contratación avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador en prazo e, no caso de que se trate da mesa de contratación, elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ao órgano de contratación. En ningún caso se acordará a aceptación dunha oferta sen que a proposta da mesa de contratación neste sentido estea debidamente motivada.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado catro, estimase que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas. En xeral rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipótese ou prácticas inadecuadas dende unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

Cando unha empresa que estivese incursa en presunción de anormalidade resultase adxudicataria do contrato, o órgano de contratación establecerá mecanismos axeitados para realizar un seguimento pormenorizado da execución deste, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha mingua na calidade dos servizos, as obras ou as subministracións contratadas.

20. Adxudicación do contrato

20.1. Adxudicación do contrato

- a) Realizada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación ao Órgano de Contratación, este, a continuación, requirirá o licitador que presentara a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, proceda a presentar a documentación xustificativa seguinte de conformidade co establecido neste prego con anterioridade:
- 1) Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade.
 - 2) Documentos que acrediten, se é o caso, a representación.
 - 3) Solvencia económica, financeira e técnico ou profesional / Clasificación.
 - 4) Imposto de Actividades Económicas.
 - 5) Documentos acreditativos da efectiva disposición dos medios que, no seu caso, se comprometesen a dedicar ou adscribir a execución do contrato.
 - 6) Constitución da garantía definitiva que sexa procedente.

- 7) Documentación, de ser o caso, acreditativa da subcontratación con aquelas empresas coas que o adxudicatario teña previsto subcontratar. Terá que achegar, segundo corresponda, unha declaración na que indique a parte do contrato que vai subcontratar, sinalando o importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vaia encomendar a súa realización, asinada por ambas as dúas partes xunto co resto de documentación que se solicite.
- 8) Xustificantes de non ter débedas de natureza tributaria co Estado nin coa Administración Autonómica de Galicia, nin débedas coa Seguridade Social.

A mesa de contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento dos requisitos de participación esixidos.

De non se cumprir axeitadamente a presentación de toda a documentación indicada nos apartados anteriores e no prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación do licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

- a) No caso do que o Órgano de Contratación decida apartarse da proposta feita pola Mesa de Contratación, terá que xustificalo.
- b) Cumprido o trámite anterior, o Órgano de Contratación fará a adxudicación ao licitador que se determinase que ten plena capacidade para executar o contrato e cuxa oferta sexa a oferta economicamente máis vantaxosa dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.
- c) A adxudicación farase de conformidade cos criterios e os requisitos establecidos no prego.
- d) A notificación ao adxudicatario realizarase por medios electrónicos.
- e) Darase publicidade á adxudicación por medio do perfil do contratante.

A adxudicación do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores de acordo co artigo 151 da LCSP.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, o Órgano de Contratación comunicará a todo candidato ou licitador rexeitado que o solicite, no prazo de quince días a partir da recepción da solicitude, os motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario determinantes da adxudicación ao seu favor, observándose ao respecto da comunicación o disposto no parágrafo anterior.

21. Constitución da garantía definitiva, gastos de anuncios e formalización do contrato

21.1. Garantía definitiva

O licitador que presente a oferta que obteña o maior número de puntos de conformidade cos criterios de adxudicación, é dicir, o licitador que presente a mellor deberá constituír e acreditar, en calquera das modalidades especificadas no artigo 108 da LCSP, no prazo sinalado con anterioridade

no presente prego, a constitución dunha garantía definitiva, por importe do 5% do importe da adxudicación, IVE excluído, debendo acreditarse a súa constitución mediante a entrega do correspondente xustificante ante o Órgano de Contratación. O incumprimento deste requisito no prazo conferido determinará que se entenda que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación do licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

21.2. Gastos de anuncios

Non se contemplan.

21.3. Formalización do contrato

Será condición esencial do contrato que, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte á notificación da adxudicación, o adxudicatario subscriba o correspondente contrato privado de obra.

O contrato poderase formalizar en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa custa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP. Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, logo de presentación de documentación establecida na cláusula 20 de presente prego, resultando de aplicación os prazos alí establecidos.

Se as causas da non formalización fosen imputables a PTG, indemnizarase o contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

Non poderá procederse á execución do contrato con carácter previo á súa formalización.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante.

22. Prazo de execución do contrato

O prazo máximo de execución será de **dous meses** dende a sinatura da acta de comprobación de reformulo das obras.

É **condición esencial** do presente contrato que as obras se atopen totalmente finalizadas no prazo pactado. O adxudicatario debe manifestar que coñece e acepta que, con independencia da aplicación de penalizacións por demora que puidesen proceder en caso de atraso no cumprimento do prazo pactado, as obras deberán estar rematadas e entregadas dous meses despois da sinatura da acta de reformulo.

Unha vez adxudicada a obra, antes da sinatura da Acta de Comprobación de reformulo, o adxudicatario poderá facer acumulación de material necesario para a realización da obra.

A data de inicio das obras será a da sinatura da Acta de Comprobación de reformulo.

O adxudicatario realizará o reformulo da obra dentro dos 15 días naturais seguintes á sinatura do contrato.

Dentro dos 5 días anteriores á data da Acta de Comprobación de reformulo, o adxudicatario presentará unha programación da obra desenvolvida con diagrama de precedencias que deberá ser aprobado pola Dirección Facultativa e PTG, S.A.

23. Prazo de garantía

O prazo de garantía comeza a contar dende a data da acta de recepción da obra.

As propostas que non inclúan **12 meses** de garantía da obra e mantemento serán explicitamente excluídas.

Valorarase ata unha ampliación de 48 meses sobre a garantía mínima esixida.

O prazo ofertado sumarase ao prazo de garantía mínimo de 12 meses establecido no apartado 17 do cadro de características deste Prego.

24. Gastos

Serán por conta do adxudicatario os gastos e tributos da formalización do contrato, así como calquera imposto, taxas ou arbitrios de índole estatal, autonómica ou municipal, que puidesen gravar a prestación obxecto do contrato, e demais gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes.

25. Obrigas do adxudicatario

Sen prexuízo das demais obrigas e responsabilidades, expresamente reflectidas neste Prego e no correspondente contrato, o adxudicatario contratado comprométese, na súa execución, ao cumprimento do seguinte:

25.1. Execución dos traballos

As obras executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste Prego, ao prego de prescricións técnicas, ao Proxecto aprobado por PTG e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica deste, dese ao contratista o Director Facultativo das obras, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

O contratista está obrigado a gardar sxiilo respecto dos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con

ocasión deste

No caso de que as melloras ofertadas polo adxudicatario pasen a formar parte da execución do contrato de obra, o órgano de contratación poderá requirir a adaptación das devanditas melloras ás unidades de execución que se vexan afectadas no Proxecto de execución, no prazo máximo dun mes dende a formalización do contrato, e sempre antes da efectuarse a comprobación de reformulo. Esta documentación poderá constar, se é o caso, de Memoria, Planos afectados polas melloras, e Prescricións Técnicas coas características de execución destas.

25.2. Cumprimento de prazos

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e do prazo de garantía, sendo ambas as dúas unha condición esencial do contrato.

25.3. Director facultativo e responsable do contrato

PTG designará un Director facultativo responsable da comprobación, coordinación, vixilancia e inspección da correcta realización da obra obxecto do contrato, correspondendo ao adxudicatario as responsabilidades inherentes á dirección inmediata dos traballos, ao control e vixilancia da obra executada e dos materiais alí depositados.

Esta dirección facultativa engloba un director de obra e un director de execución.

As facultades do Responsable do contrato serán exercidas polo Director facultativo.

25.4. Dirección e organización do traballo polo contratista

A empresa contratista, baixo a supervisión da sociedade, achegará a súa propia dirección e xestión do contrato, sendo responsable da organización da prestación contratada, da calidade técnica da obra que desenvolve e das prestacións realizadas.

Así mesmo, disporá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, cun responsable que se encargará de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización da prestación obxecto do contrato, directrices, etc.

25.5. Coordinador en materia de seguridade e saúde.

Cando na execución da obra interveña máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, o PTG designará ou, no seu caso contratará, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate a devandita circunstancia, un coordinador en materia de seguridade e saúde, integrado na Dirección facultativa, para levar a cabo as tarefas que se mencionan no artigo 9 do Real decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

En ningún caso o coordinador recibirá instrucións do contratista da obra, coa finalidade de asegurar a súa imparcialidade.

Cando non sexa necesaria a designación de coordinador, as súas funcións serán asumidas pola Dirección facultativa, sendo obriga do contratista e subcontratistas atender as indicacións e instrucións deste.

25.6. Plan de seguridade e saúde no traballo

O adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo de seguridade e saúde ou no estudo básico. No devandito plan incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución dos niveis de protección previstos no estudo ou estudo básico.

O Plan de Seguridade e Saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e saúde, elevarase para a súa aprobación polo órgano de contratación antes do inicio da obra.

No caso da división en lotes do obxecto do contrato, o contratista deberá elaborar o Plan de Seguridade e Saúde no traballo do correspondente lote do que resulte adxudicatario.

Se non fose necesario realizar proxecto de obra, esixirase ao contratista a realización dunha avaliación de riscos específica dos traballos a desenvolver.

25.7. Obrigas laborais e sociais

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre a PTG, S.A. e o contratista e/ou os seus empregados.

O persoal necesario para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a sociedade completamente allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa sociedade nin esixir a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O adxudicatario comprométese a retribuír axeitadamente o persoal destinado á realización do obxecto do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable á sociedade o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de modo que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará pola realización do obxecto contractual.

A entidade adxudicataria queda obrigada, respecto do persoal destinado á obra, ao cumprimento da normativa laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais que se atope vixente en cada momento.

En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole acontecido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo a PTG, S.A.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo PTG, S.A. completamente allea a estas relacións laborais. Corresponde así mesmo á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, a realización da prestación obxecto do contrato debe quedar sempre convenientemente cuberta.

É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, así como impartirle toda a formación necesaria que precise para a realización da obra.

PTG, S.A. resérvase o dereito de esixir de calquera traballador traído polo adxudicatario a proba documental dos recoñecementos médicos a que deba someterse de acordo coa lexislación vixente.

Á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar copia compulsada dos contratos laborais e parte de alta na Seguridade Social de cada traballador e, mensualmente, xustificación documental do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. A non presentación destes comprobantes poderá dar lugar á resolución deste contrato por parte de PTG, S.A.

A empresa adxudicataria non poderá introducir persoal alleo nas instalacións ou nos edificios, sempre que non conte coa conformidade da Dirección de PTG, S.A.

Tamén será responsable a propia empresa adxudicataria das subtraccións de calquera valor ou efecto que se poida probar que foi efectuado polo persoal ao seu cargo.

É obriga da empresa adxudicataria que as empresas subcontratadas cumpran todos os requisitos ambientais aplicables e establecidos pola lexislación vixente na materia e os requisitos internos establecidos polo propio PTG, S.A, tendo que, a petición de Tecnópole, xustificalo mediante a entrega de documentos acreditativos.

A empresa adxudicataria velará para que o persoal adscrito á obra cumpra coa Lei 15/1999 do 13 de decembro sobre protección de datos e todas as instrucións que sobre a materia ten implantadas o PTG S.A. Así mesmo a empresa adxudicataria será a responsable de garantir que a obra cumpra coa normativa que en materia de calidade e medio ambiente ten implantada o PTG, S.A, facilitando toda a información necesaria, así como os informes que lle sexan solicitados, ademais das fichas de seguridade dos produtos que usa na execución da obra.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción destas disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para PTG, S.A.

25.8. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde

No presente contrato serán condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde, as sinaladas no punto 18 do cadro de características.

Estas condicións especiais teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais e, en

consecuencia, o seu incumprimento será causa de resolución do contrato de conformidade co disposto no artigo 211.1 f) da LCSP.

Todas as condicións especiais de execución do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

26. Recepción das obras

1. A persoa contratista, unha vez rematada a obra e antes do acto da recepción, deberá entregar á Administración orixinal e dúas copias dos seguintes documentos, debidamente ordenados e encadernados, segundo resulten de aplicación:

- a) Planos e demais documentos necesarios para reflectir exactamente a obra executada.

Estes documentos entregaranse no soporte informático que para o efecto se estableza.

- b) Libro de Ordes.
- c) Libro de Incidencias.
- d) Libro de Subcontratación, onde se especificará a relación de provedores, fabricantes e procedencia dos materiais.
- e) Homologacións, certificados, selos e demais garantías dos materiais ou elementos colocados en obra que o requiran ou o posúan.

Destes elementos analizaranse, en documento aparte, aqueles que procedan en aplicación da normativa de protección contra incendios.

- f) Características técnicas das máquinas, equipos e aparatos instalados.
- g) Os proxectos das instalacións, verificados polos organismos competentes, boletíns de luz e auga, e os seus planos definitivos de trazado.
- h) A documentación relativa ao control de calidade da obra, incluídas as probas finais e posta en servizo de todas as instalacións existentes na obra. Ademais aportará as facturas e xustificantes de pagamento deste control de calidade.
- i) A documentación técnica que fora necesaria para obter cantos permisos, licenzas e autorizacións para a entrada en funcionamento da obra executada.
- j) Os certificados de garantía e os manuais de uso, mantemento e conservación correspondentes ás instalacións, máquinas e equipos que se instalasen na obra.
- k) Calquera outro documento que poida ser requirido por PTG.

Os devanditos documentos deberán ser titulados a nome de PTG ou da persoa ou entidade que esta designe.

Nas obras de edificación ás que se refire a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, unha vez finalizada a obra, a persoa contratista entregará á Dirección da obra unha copia do Libro de Subcontratación debidamente cumprido, para que o incorpore ao Libro do Edificio, de conformidade co disposto no artigo 16.3 do RD 1109/2007.

2. Igualmente, antes da recepción, a persoa contratista deberá realizar as actuacións que a continuación se indican, requisito sen o cal non poderá levarse a efecto a recepción:

- a) Retirada, logo de conformidade da Administración, de todos os carteis de obra, así como calquera outro cartel ou sinalización que non forme parte de sinalización definitiva do edificio.
- b) Proceder á limpeza do inmovible e, no seu caso, da urbanización obxecto das obras, de tal forma que queden dispostos para a súa entrada en uso directamente, sen necesidade dunha nova actuación de limpeza.
- c) Acreditar a vixencia da póliza do seguro que, no seu caso, se esixise e que a prima se atopa totalmente aboada.

3. Será de conta e a custa da persoa contratista a realización das xestións, pagamentos de todos os gastos, fianzas, taxas, arbitrios, redacción e visado dos proxectos que haxa que presentar nos organismos e compañías competentes, para os efectos de obter a alta e permiso do funcionamento axeitado e legalizado das instalacións, máquinas e equipos, aínda que haxan de ser tituladas a nome de PTG ou da persoa ou entidade que esta designe e aínda cando as regulamentacións das ordenanzas municipais vixentes ou normas das compañías subministradoras esixan que a ou as acometidas se fagan por cada un dos locais que, no seu caso, comprenda o proxecto.

Nos gastos anteriormente salientados consideraranse incluídos todos os conceptos, obras, instalacións e dereitos que sexan necesarios para a posta en funcionamento e entrega ao uso de todas as subministracións e instalacións que contemple o proxecto, segundo os baremos vixentes e os criterios regulamentariamente establecidos para estes. Polo tanto, consideraranse incluídos todas as xestións e pagamentos necesarios para a obtención de todas as subministracións e instalacións as súas correspondentes altas, enganches, subministracións, etc.

Así mesmo, será de conta da persoa contratista a realización das xestións e pagamentos necesarios para conseguir das compañías subministradoras as dotacións que estas veñan obrigadas a proporcionar e executar, segundo establecen as disposicións vixentes que regulan a materia.

4. A recepción realizarase de conformidade co establecido no artigo 243 da LCSP, e 163 e 164 do RGLCAP.

5. Dende a finalización da execución das obras ata a súa recepción a persoa contratista queda obrigada, á súa custa, á conservación e gardaría destas, sendo responsable dos danos que nela se produzan. Así mesmo virá obrigada a conservar a xardinería incluída no contrato, realizando para tales efectos e para o seu debido desenvolvemento os coidados, regos, traballos e reposicións que sexan necesarios.

6. A petición de PTG, S.A., poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas zonas da obra que deberon quedar ultimadas nos prazos establecidos no plan de traballo contractual, calquera que fose o estado en que se atopen. De non estar ultimadas ou non ser conformes, a xuízo da Dirección Facultativa e/ou PTG, S.A., levantarase Acta de Recepción con desconformidade, e PTG, S.A. poderá entrar na obra e tomar posesión dela, e atender a súa complementación ou solución como mellor dispoña, e cargar o correspondente custo ao adxudicatario facéndose efectivo mediante detracción

sobre as certificacións de obra ou pagamentos pendentes.

27. Certificación final de obra

1. De acordo co previsto no artigo 243 da LCSP, no prazo de 3 meses contados a partir da data de recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada á persoa contratista a conta da liquidación do contrato.

Para estes efectos, recibidas as obras procederase seguidamente á súa medición xeral con asistencia da persoa contratista, formulándose pola Dirección da obra, no prazo máximo dun mes dende a recepción, a medición das realmente executadas de acordo co proxecto. Para tal efecto, na acta de recepción da obra fixarase a data para o inicio da devandita medición, quedando notificada a persoa contratista para o devandito acto.

Do devandito acto levantarase acta en triplicado exemplar que asinará a Dirección da obra e a persoa contratista, retirando un exemplar cada un dos asinantes e remitíndose o terceiro pola Dirección da obra ao órgano de contratación.

Se a persoa contratista non asistiu á medición o exemplar da acta seralle remitido pola Dirección da obra para que no prazo de cinco días hábiles preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que considere oportunos.

Sobre a base do resultado da medición xeral e dentro do prazo dun mes, contado a partir da data de recepción, a Dirección da obra redactará a correspondente relación valorada.

Posteriormente, e dentro dos dez días seguintes ao termo do prazo indicado no parágrafo anterior, a Dirección da obra expedirá e tramitará a correspondente certificación final.

2. A persoa contratista terá dereito ao abono, conforme aos prezos convidados, da obra que realmente executara con suxeición ao proxecto aprobado e ás ordes dadas por escrito pola Administración, ou pola Dirección Facultativa coa autorización desta, sempre que non respondan á corrección de deficiencias imputables a esta polo que, cando se realizasen unidades de obra con maiores dimensións que as reflectidas nos planos do proxecto aprobado, sen a preceptiva autorización, tomaranse as destes últimos, e se resultasen menores dimensións que as que figuran en planos, tomaranse as correspondentes ao realmente executado.

Non procederá recoller na certificación final das obras as variacións das unidades de seguridade e saúde, consideradas no plan vixente no momento da recepción.

3. A certificación final das obras elaborarase segundo o modelo establecido ao efecto polo órgano de contratación, e deberá conter a seguinte documentación:

- a) Memoria, incluíndo: antecedentes, presuposto vixente, honorarios, saldo de liquidación, xustificación das variacións de medición.
- b) Acta de recepción da obra.
- c) Acta de medición final da obra.
- d) Medición da obra realmente executada.

- e) Presuposto comparativo.
- f) Relación de certificacións expedidas á contrata.
- g) Relación de minutas de honorarios expedidas á Dirección Facultativa.
- h) Estado demostrativo do saldo da certificación final.
- i) Revisión de prezos que proceda no seu caso.
- j) Planos definitivos da obra.

28. Responsabilidade por vicios ocultos

De conformidade co establecido no artigo 244 da LCSP, se a obra se arruína ou sofre deterioracións graves incompatibles coa súa función con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte da persoa contratista, responderá esta dos danos e perdas durante o termo de quince anos, a contar dende a recepción.

Así mesmo, o contratista responderá durante o devandito prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados dende a data de recepción da obra sen reservas ou dende a reparación destas.

29. Forma de pagamento ao adxudicatario

O presuposto máximo de licitación (que incluírá taxas e demais impostos incluídos, a excepción do IVE) para a realización da obra é o sinalado no apartado 4 do cadro de características.

O contratista ten dereito a recibir o pagamento da obra executada. O pagamento establécese mediante aboamentos a conta de carácter mensual, dos traballos que realmente se executasen, conforme aos prezos convidos e conforme ás certificacións que comprendan a obra executada durante o devandito período de tempo.

O importe das executadas acreditarase mensualmente mediante certificacións expedidas polo director da obra no prazo máximo dos 10 días seguintes ao mes ao que correspondan.

O PTG deberá aprobar as certificacións mensuais de obra dentro dos trinta días seguintes á data na que os traballos se executaran. Neste mesmo prazo o contratista terá a obriga de presentar a factura nos termos indicados con posterioridade.

Os pagamentos efectuaranse mediante transferencia bancaria á conta que para tal efecto designe o adxudicatario, tras a presentación da correspondente factura e aceptación desta polo Órgano de Contratación. O pagamento realizarase no prazo máximo de 30 días dende a data de aprobación das certificacións de obra. Se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a

remuneración de intereses, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

O proveedor deberá emitir factura electrónica e rexistrala no Sistema Electrónico de Facturación (SEF) establecido como Punto Xeral de Entrada de facturas electrónicas das entidades do sector público autonómico. Actualmente a Plataforma para a presentación de facturas emitidas atópase no seguinte link: https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/

Como requisito previo ao pagamento, o adxudicatario deberá remitir a factura e acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante certificación administrativa comprensiva dos seguintes extremos:

- Non existir co Estado, nin coa Administración Autonómica de Galicia, débedas de natureza tributaria.
- Estar ao corrente no pagamento das cotas ou doutras débedas coa Seguridade Social.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data da correcta presentación da factura, sen que a Administración aprobara a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.

30. Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo

Non está contemplada ningún tipo de subrogación.

31. Sinalización das obras

O contratista está obrigado a instalar, á súa custa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindes e inmediacións.

Por outra parte, no caso no que a obra sexa financiada total ou parcialmente pola Unión Europea, deberá facerse constar o devandito extremo na sinalización das obras, de conformidade co establecido no Regulamento CE/1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan as normas de desenvolvemento para o Regulamento CE 1083/2006, do Consello, que establece as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión Social, debendo neste caso o PTG comunicar esta circunstancia ao adxudicatario da obra.

32. Dereitos do órgano de contratación

Son dereitos do órgano de contratación os seguintes:

- Interpretar o contrato.
- Resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- Modificar o contrato nos termos previstos neste.
- Acordar a resolución do contrato e determinar os seus efectos.

33. Obrigas de segredo profesional e protección de datos

O adxudicatario está obrigado a gardar o segredo profesional respecto á información e documentación proporcionada con motivo da realización das tarefas e das obras solicitadas.

O incumprimento das cláusulas deste prego, especialmente as medidas de confidencialidade da información serán causa de resolución do contrato.

A persoa contratista, deberá cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Para iso, e en aplicación da disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, a persoa contratista terá a consideración de encargado do tratamento. Así mesmo a persoa contratista deberá cumprir, en canto non se opoña ao Regulamento citado, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, en virtude da cal terá a obriga de gardar sigilo respecto dos datos de carácter persoal aos que teña acceso no marco do presente contrato, unicamente os tratará conforme ás instrucións de PTG, e non os aplicará ou utilizará cun fin distinto ao estipulado, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas. Ademais, deberá cumprir as medidas técnicas e organizativas estipuladas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. No caso de que a empresa, ou calquera dos seus membros, destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións do contrato, será responsable das infraccións cometidas. Unha vez finalizada a relación contractual, os datos de carácter persoal tratados pola adxudicataria, así como o resultado do tratamento obtido, deberán ser destruídos ou devoltos a PTG no momento en que esta o solicite.

O terceiro encargado do tratamento conservará debidamente bloqueados os datos en tanto puidesen derivarse responsabilidades da súa relación coa entidade responsable do tratamento.

34. Cesión do contrato

De acordo co disposto no artigo 214 da LCSP, os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

O cedente debe ter executado polo menos un 20% do importe do contrato e a cesión debe ser autorizada de forma expresa e previa polo órgano de contratación. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

A cesión poderá efectuarse sempre que o cesionario teña capacidade e solvencia suficiente para contratar e deberá formalizarse en escritura pública, sendo os gastos derivados do outorgamento da devandita escritura de conta do cedente.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que correspondan ao cedente.

35. Subcontratación

De conformidade e coas limitacións establecidas no artigo 215 da LCSP, o contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto deste contrato, coas excepcións recollidas no presente prego, o que implicará a realización dunha parte da prestación, obxecto do contrato, por persoa ou entidade distinta do contratista, que está ligada a este por un contrato que é sempre de natureza privada, de modo que o subcontratista só queda ligado ante o contratista, non tendo este acción directa contra esta Administración. Non obstante, o contratista ten sempre a responsabilidade de executar todo o contrato.

A celebración dos subcontratos estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.
- b) En todo caso, a persoa contratista deberá comunicar por escrito ao órgano de contratación, tras a adxudicación do contrato e, como moito, cando inicie a execución deste, a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais da subcontratista, xustificando suficientemente a aptitude desta para executalo por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que a mesma non se atopa incurso en prohibición para contratar de acordo co artigo 71 da LCSP.

A persoa contratista deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre as novas persoas subcontratistas.

No caso de que a persoa subcontratista tivese a clasificación axeitada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude.

A acreditación da aptitude da persoa subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se este é necesario para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así xustifícase suficientemente.

- c) Os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días dende que se cursase a notificación e achegado as xustificacións a que se refire a letra b) desta cláusula, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que PTG non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así xustifícase suficientemente.

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas no presente prego e na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

- a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato.
- b) A resolución do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte a PTG, de acordo estrito cos pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo, e aos termos do contrato, incluídos o cumprimento das obrigas en materia ambiental, social ou laboral.

O coñecemento que teña PTG dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refiren esta cláusula, ou a autorización que, no seu caso, outorgue, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71 da LCSP.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 da LCSP terán en todo caso natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP, os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

A persoa contratista deberá cumprir a lexislación vixente en materia de subcontratación, en especial as normas xerais sobre subcontratación establecidas na LRSSC, e o disposto no RD 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción.

A persoa contratista deberá obter, levar en orde, ao día e conservar na oficina de obras o Libro de Subcontratación habilitado pola autoridade laboral correspondente conforme ao disposto nos artigos 8 da referida Lei e 13 a 16 do mencionado Real Decreto, en que a empresa construtora manteña permanentemente actualizada a relación de persoas subcontratistas e as partidas con elas contratadas, debendo comunicar cada subcontratación anotada no Libro de Subcontratación á persoa coordinadora de seguridade e saúde.

O contratista está obrigado a aboar aos subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican a continuación:

- a) Os prazos fixados non poderán ser máis desfavorables que os previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e computaranse dende a data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos polo contratista principal, sempre que o subcontratista ou o subministrador entregaran a factura nos prazos legalmente establecidos.
- b) A aceptación deberá efectuarse nun prazo máximo de trinta días dende a entrega dos bens ou a prestación do servizo. Dentro do mesmo prazo deberán formularse, se é o caso, os motivos de desconformidade a esta. No caso de que non se realizase no devandito prazo, entenderase que se aceptaron os bens ou verificaron de conformidade a prestación dos servizos.
- c) O contratista deberá aboar as facturas no prazo fixado de conformidade co previsto no apartado a. En caso de demora no pagamento, o subcontratista ou o subministrador terá dereito ao cobramento dos xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

A persoa subcontratista que conte coa conformidade para percibir pagamentos directos poderá ceder os seus dereitos de cobramento conforme ao previsto no artigo 200 da LCSP. As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobramento non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

Os pagamentos efectuados a favor da persoa subcontratista entenderanse realizados por conta da persoa contratista principal, mantendo en relación coa Administración contratante a mesma natureza de aboamentos a boa conta que a das certificacións de obra.

En ningún caso será imputable á Administración o atraso no pagamento derivado da falta de conformidade da empresa contratista principal á factura presentada por a subcontratista.

Igualmente, o órgano de contratación poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que a empresa contratista adxudicataria do contrato ha de facer a todas as empresas subcontratistas ou subministradoras que participen neste, nos termos do artigo 217 da LCSP.

En tal caso, as persoas contratistas adxudicatarias remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daquelas subcontratistas ou subministradoras que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento. Así mesmo, deberán achegar por solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagamentos a aquelas unha vez rematada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 da LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais no que lle sexa de aplicación. Estas obrigas considéranse condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades previstas no presente prego, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

36. Modificacións contractuais

As modificacións contractuais rexeranse polo disposto nos artigos 203 a 205 da LCSP.

Aquelas modificacións que teñan que levarse a cabo por concorrer algún dos supostos do artigo 205 da LCSP serán obrigatorias para o contratista sempre e cando impliquen, illado ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por 100 do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando de acordo co disposto no parágrafo anterior as modificacións non resulten obrigatorias para o contratista, esta só poderá ser acordada por PTG logo da conformidade por escrito do contratista, resolvéndose o contrato no caso contrario.

37. Folga

En caso de folga legal, a empresa adxudicataria comprometerase a ofrecer as solucións que garantan os servizos mínimos imprescindibles que determine a Dirección de PTG, S.A.

A execución do traballo non realizado debido a folgas do persoal ou calquera outra causa imputable ao contratista, dará lugar a indemnización a favor de PTG, S.A. Todo iso sen prexuízo de esixir a reparación dos danos que se puidesen producir.

38. Póliza de responsabilidade civil

Formalizada a adxudicación, o adxudicatario deberá ter contratado ata a recepción total e conforme das obras as seguintes pólizas de seguros:

- Póliza de seguro de Todo Risco de Construción para a obra adxudicada, por un capital asegurado igual ao do proxecto de adxudicación. A devandita póliza de seguro terá como mínimo as seguintes coberturas: Coberturas Básicas, Roubo, Desentullo, Medidas de Autoridades Públicas, Gastos de Extinción e Salvamento, Riscos da Natureza, e Mantemento Amplo por un período dun ano. Deberá de aparecer como beneficiario o PTG, S.A.

- Póliza de seguro de Responsabilidade Civil Xeral fronte a terceiros, polos danos que puidese ocasionar a estes durante a execución das obras, por causa destas, ou por accións ou omisións deste ou dos seus operarios e empregados. A devandita póliza de seguro terá un capital mínimo asegurado de 600.000 € e un límite por vítima de Terceiros e Patronal e cruzada mínimo de 300.000 €, e coas seguintes garantías: Responsabilidade Civil de Explotación, Patronal, cruzada, post Traballos, Danos a Lindantes e Conducións Subterráneas e Aéreas, Danos a Preexistentes, Subsidiaria de Subcontratistas, Defensa Xurídica e Fianzas. Deberá de aparecer como asegurado adicional o PTG, S.A.

En caso de sinistro que afecte á póliza de Todo Risco Construción, o importe da indemnización deberá de ser aplicado integramente a reposición da obra a situación inmediatamente anterior ao sinistro, sen que isto libere o adxudicatario, se a indemnización resultase insuficiente, do compromiso básico deste contrato.

En caso de sinistro que afecte á póliza de Responsabilidade Civil, as indemnizacións serán aplicadas ao pagamento dos danos a terceiros, sen que isto libere o adxudicatario se a indemnización resultase insuficiente, do compromiso básico deste Contrato.

En caso de incumprimento desta obriga polo adxudicatario, PTG, S.A. poderá subscribir as pólizas, cargándolle ao adxudicatario o importe das primas, sen prexuízo das reclamacións por danos derivados dese incumprimento a que PTG, S.A. puidese ter dereito.

En xeral, se en calquera momento se probase a existencia dalgunha reclamación de terceiros, directa ou indirectamente relacionados con este Contrato, imputable ao adxudicatario, e pola que PTG, S.A. presumiblemente puidese chegar a ter que responder, este terá dereito a reter calquera pagamento debido ao adxudicatario segundo o contrato, en cantidade suficiente para atender esa posible reclamación mentres o adxudicatario non a atenda e, ata que a esixencia non se resolverse, mesmo se é en vía xudicial.

39. Penalización por demora

1. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

2. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

3. Cando o contratista, por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, PTG poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

4. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

5. PTG terá as mesmas facultades a que se refiren os apartados anteriores respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previse no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento de aqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

6. As penalidades previstas imponense por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non se poidan deducir dos mencionados pagamentos.

7. Se a Administración optase pola resolución esta deberá acordarse polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista.

8. Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

40. Atrasos xustificados

Só se considerarán atrasos xustificados os producidos por caso fortuíto ou forza maior, recoñecidos como tales e avaliados por acordo das partes, despois do informe da Dirección Facultativa.

Os atrasos orixinados pola subsistencia de obstáculos parciais, e que non fosen eliminados nos tempos previstos no plan de obra por causas non imputables ao adxudicatario, ou a aparición de novos obstáculos que non se puidesen razoablemente prever, darán lugar, unha vez recoñecidos por PTG, S.A. logo de informe de Dirección Facultativa, a un alongamento negociado de prazo total de obra e de parciais correspondentes.

Co obxecto de non provocar sobrecostos ou incrementos das cifras pactadas entre PTG, S.A. e o adxudicatario, este último procederá en todo momento a acomodar a súa estrutura de obra, maquinaria e medios auxiliares ás posibilidades reais de execución.

En todo caso, sempre que o adxudicatario considere que se produciron causas xustificadas de atraso, procedan de onde procedan, comunicaraas a PTG, S.A. dentro dos 5 días seguintes ao momento en que se producisen, propoñendo días laborais de ampliación de prazo. A avaliación de mutuo acordo do atraso xustificado pactarase por escrito, coa conseguinte repercusión no plan de obra previamente pactado. Se non existe acordo escrito entenderase rexeitada a proposta de ampliación de prazo.

O adxudicatario non poderá posteriormente esgrimir, como xustificación de atrasos, as causas non denunciadas no prazo dito.

41. Suspensión das obras

Se por calquera causa allea ao adxudicatario as obras tivesen que suspenderse temporalmente, total ou parcialmente, ademais do levantamento da acta correspondente asinada por PTG, S.A., o adxudicatario proporá a PTG, S.A., inmediatamente, as condicións para a prosecución das obras, pactándose por escrito as que procedan. De non mediar negociación específica plasmada nunha addenda asinada por ambas as dúas partes, entenderase que o adxudicatario non reclama máis que a ampliación de prazo igual ao lapso de suspensión das obras, sen que haxa lugar a

indemnización.

42. Extinción do contrato

O contrato extinguirase pola súa conclusión ou cumprimento, ou ben pola súa resolución.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este se realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da sociedade a totalidade do seu obxecto.

PTG, S.A. está facultada para interpretar as condicións contidas no contrato que se formalice e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificar o contrato por razóns de interese público, interpretalo e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O contratista facilitará o exame de calquera proceso ou fase da obra contratada, así como as comprobacións da calidade do obxecto do contrato.

No caso de que considerase incumplidas as prescricións técnicas do contrato, PTG, S.A. está facultada para esixir o seu cumprimento ou declarar a resolución do contrato.

Se PTG, S.A. opta por esixir o cumprimento, seguirá o procedemento seguinte:

- a Dirección de PTG, S.A. dará por escrito ao contratista as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados, facendo constar no devandito escrito o prazo que para iso fixe e as observacións que considere oportunas.
- se existe reclamación por parte do contratista contra as observacións formuladas polo representante de PTG, S.A., este elevaraa, xunto co seu informe, ao órgano de contratación que asinou o contrato que resolverá sobre o particular.
- se o contratista non reclamase por escrito contra as observacións do representante de PTG, S.A. entenderase que se atopa conforme con estas e obrigado a corrixir ou remediar os defectos observados.

Se os traballos efectuados non se axustan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitala quedando exento da obriga de pagamento en relación coa parte dos traballos mal prestados ou defectuosos e tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

43. Causas de resolución

PTG, S.A. poderá acordar a resolución do contrato no caso de que concorra algunha das seguintes causas:

- a. A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 da LCSP relativo á sucesión do contratista.
- b. A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

- c. O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d. A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

En todo caso o atraso inxustificado sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial do contrato, incluída as posibles prórrogas.

- e. A demora no pagamento por parte da Administración por prazo superior a seis meses.
- f. O incumprimento da obriga principal do contrato.

Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos ou no correspondente documento descritivo, cando concorran os dous requisitos seguintes:

1. ° Que as mesmas respecten os límites que o apartado 1 do artigo 34 da LCSP establece para a liberdade de pactos.
2. ° Que figuren enumeradas de xeito preciso, claro e inequívoco nos pregos ou no documento descritivo, non sendo admisibles cláusulas de tipo xeral.

- g. A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205 da LCSP; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo deste, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20% do prezo inicial do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido.
- h. A demora inxustificada na comprobación do reformulo.
- i. A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses.
- j. A suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte de PTG.
- k. O desistimento.
- l. Abandono da obra por parte do adxudicatario.
- m. A mala fe na execución dos traballos
- n. O non pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estivesen a participar nesta, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.
- o. Calquera outra prevista nestes pregos.

Nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse a que aparecera con prioridade no tempo.

44. Consecuencias da resolución

Cando a resolución se produza por mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por elas.

O incumprimento por parte de PTG das obrigas do contrato determinará para aquela, con carácter xeral, o pagamento dos danos e prexuízos que por tal causa se irroguen ao contratista.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

Cando a resolución se acorde polas causas recollidas na letra g) da cláusula anterior, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3% do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite a modificación contractual proposta por PTG ao amparo do artigo 205 da LCSP.

En todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, fose constituída.

Ao tempo de incoarse o expediente de resolución do contrato poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os dous procedementos.

Ata que se formalice o novo contrato, o contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado. A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.

Cando o contratista non poida garantir as medidas indispensables establecidas no parágrafo anterior, o PTG poderá intervir garantindo a realización das devanditas medidas ben cos seus propios medios, ben a través dun contrato cun terceiro.

A resolución do contrato dará lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas conforme ao proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Será necesaria a citación deste, no domicilio que figure no expediente de contratación, para a súa asistencia ao acto de comprobación e medición.

Se se demorase inustificadamente a comprobación do reformulo, dando lugar á resolución do contrato, o contratista só terá dereito por todos os conceptos a unha indemnización equivalente ao 2% do prezo da adxudicación, IVE excluído.

No suposto de desistimento antes da iniciación das obras, ou de suspensión da iniciación destas por parte de PTG por prazo superior a catro meses, o contratista terá dereito a percibir por todos os conceptos unha indemnización do 3% do prezo de adxudicación, IVE excluído.

En caso de desistimento unha vez iniciada a execución das obras, ou de suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito meses, o contratista terá dereito por todos os conceptos ao 6% do prezo de adxudicación do contrato das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, IVE excluído, entendéndose por obras deixadas de realizar as que resulten da diferenza entre as reflectidas no contrato primitivo e as súas modificacións aprobadas e as que ata a data de notificación do desistimento ou da suspensión se executasen.

Cando as obras teñan de ser continuadas por outro empresario ou polo propio PTG, con carácter de urxencia, por motivos de seguridade ou para evitar a ruína do construído, o órgano de contratación, unha vez que notifique ao contratista a liquidación das executadas, poderá acordar a súa continuación, sen prexuízo de que o contratista poida impugnar a valoración efectuada ante o propio órgano. O órgano de contratación resolverá o que proceda no prazo de quince días.

45. Devolución da garantía.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, a Dirección facultativa, a instancia da persoa responsable do contrato ou da persoa contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, a persoa contratista quedará relevada de toda responsabilidade e procederase á devolución ou cancelación da garantía, a liquidación do contrato e no seu caso o pagamento das obrigas pendentes. Se o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso durante o prazo de garantía, ditaranse as instrucións oportunas á persoa contratista para a súa reparación, concedéndolle un prazo para iso, durante o cal continuará encargada da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha pola ampliación do prazo de garantía.

Non poderá solicitarse a cancelación ou devolución parcial da garantía no suposto de recepción parcial.

46. Deber de colaboración, dilixencia e boa fe

A persoa contratista adxudicataria da obra, colaborará co PTG, persoas, empresas ou organismos por ela designados, facilitando e poñendo á súa disposición canta información lle sexa solicitada, referida á obra en cuestión.

A persoa contratista actuará na execución do contrato e antes as incidencias que puidesen xurdir, de acordo cos principios de dilixencia e boa fe, adoptando, aínda cando a incidencia non lle fose imputable, todas as medidas ao seu alcance para evitar os prexuízos que puidesen ocasionar ao interese xeral e ao PTG como parte contractual. O incumprimento deste deber de dilixencia poderá dar lugar a obriga de resarcir ao PTG e, mesmo, á resolución contractual.

47. Anexo I. Datos identificativos do licitador para efectos de notificacións

Expediente: PTG 3/2018

Contratación das obras de reparación, acondicionamento e reestruturación no contorno da piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia.

DATOS DA ENTIDADE:

Denominación ou razón social:

NIF:

Domicilio:

Poboación:

Código Postal:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Nome e apelidos do representante legal:

DNI do representante legal:

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO:

Nome e apelidos:

Teléfono:

Fax:

Fax:

Correo electrónico:

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

Comprométome a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no seguinte correo electrónico:

(selo, data e firma do representante legal)

48. Anexo II. Modelo sometemento xurisdicción

Expediente: PTG 3/2018

Contratación das obras de reparación, acondicionamento e reestruturación no contorno da piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Don/dona con DNI número, en nome e representación da entidade
.....

DECLARA EXPRESAMENTE que acepta someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Ourense, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdicional que me puidese corresponder.

(selo, data e firma do representante legal)

49. Anexo III. Documento Europeo Único de Contratación

DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)

ÍNDICE

El presente formulario consta de las siguientes partes y secciones:

Parte I. Información sobre el procedimiento de contratación y el poder adjudicador o la entidad adjudicadora.

Parte II. Información sobre el operador económico (empresa licitadora o candidata).

Sección A: Información sobre el operador económico.

Sección B: Información sobre los representantes del operador económico.

Sección C: Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades.

Sección D: Información relativa a los subcontratistas en cuya capacidad no se base el operador económico.

Parte III. Criterios de exclusión:

Sección A: Motivos referidos a condenas penales.

Sección B: Motivos referidos al pago de impuesto o de cotizaciones a la Seguridad Social.

Sección C: Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional.

Sección D: Otros motivos de exclusión que pueden estar previstos en la legislación nacional del Estado miembro del poder adjudicadora o la entidad adjudicadora.

Parte IV. Criterios de selección:

Sección I: Indicación global relativa a todos los criterios de selección.

Sección A: Idoneidad

Sección B: Solvencia económica y financiera.

Sección C: Capacidad técnica y profesional.

Sección D: Sistemas de aseguramiento de la calidad y normas de gestión medioambiental.

Parte V. Reducción del número de candidatos cualificados.

Parte VI. Declaraciones finales.

Parte I: Información sobre el procedimiento de contratación y el poder adjudicador o la entidad adjudicadora

En el caso de los procedimientos de contratación en los que se haya publicado una convocatoria de licitación en el Diario Oficial de la Unión Europea, la información exigida en la parte I se obtendrá automáticamente, siempre que se utilice el servicio DEUC electrónico¹ para generar y cumplimentar el DEUC. Referencia del anuncio pertinente² publicado en el Diario Oficial de la Unión Europea:

DOUE S [], fecha [], página []

Número del anuncio en el DO S: []/[]

Si no se publica una convocatoria de licitación en el DOUE, el poder adjudicador o la entidad adjudicadora deberán consignar la información que permita identificar de forma inequívoca el procedimiento de contratación.

Si la publicación de un anuncio en el Diario Oficial de la Unión Europea no es obligatoria, sírvase facilitar otros datos que permitan identificar inequívocamente el procedimiento de contratación (por ejemplo, referencia de la publicación a nivel nacional): []

INFORMACIÓN SOBRE EL PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN

<p>La información exigida en la parte I se obtendrá automáticamente, siempre que se utilice el servicio DEUC electrónico antes citado para generar y cumplimentar el DEUC. De no ser así, dicha información deberá ser consignada por el operador económico.</p>	
<p>Identidad del contratante³</p>	<p>Respuesta</p>
<p>Nombre:</p>	<p>[]</p>

1 Los servicios de la Comisión pondrán gratuitamente el servicio DEUC electrónico a disposición de los poderes adjudicadores, los operadores económicos, los proveedores de servicios electrónicos y otras partes interesadas.

2 En el caso de los poderes adjudicadores: bien un anuncio de información previa utilizado como medio de convocatoria de licitación, bien un anuncio de contrato.
 En el caso de las entidades adjudicadoras: un anuncio periódico indicativo que se utilice como medio de convocatoria de licitación, un anuncio de contrato o un anuncio sobre la existencia de un sistema de clasificación.

3 Deberá reproducirse la información que figure en la sección I, punto I.1, del anuncio de licitación. En caso de contratación conjunta, sírvase indicar los nombres de todos los contratantes.

¿De qué contratación se trata?	Respuesta
Título o breve descripción de la contratación ⁴	[]
Número de referencia del expediente asignado por el poder adjudicador o la entidad adjudicadora (en su caso) ⁵ :	[]

La restante información en todas las demás secciones del DEUC habrá de ser consignada por el operador económico.

Parte II: Información sobre el operador económico

A: INFORMACIÓN SOBRE EL OPERADOR ECONÓMICO

Identificación	Respuesta
Nombre:	[]
Número de IVA, en su caso:	[]
Si no se dispone de número de IVA, indíquese, en su caso, cuando se exija, otro número de identificación nacional.	[]
Dirección postal:	[...]
Persona o personas de contacto ⁶ :	[...]
Teléfono:	[...]

⁴ Véanse los puntos II. 1.1 y II 1.3 del anuncio pertinente.

⁵ Véase el punto II.1.1 del anuncio pertinente.

⁶ Repítase la información relativa a las personas de contacto tantas veces como sea necesario.

<p>Correo electrónico:</p> <p>Dirección internet (dirección de la página web, en su caso):</p>	<p>[...]</p> <p>[...]</p>
<p>Información general</p>	<p>Respuesta</p>
<p>¿Es el operador económico una microempresa, una pequeña empresa o una mediana empresa?⁷</p>	<p>Sí No</p>
<p>Únicamente en caso de contratación reservada⁸: el operador económico ¿es un taller protegido o una empresa social⁹ o prevé que el contrato se ejecute en el marco de programas de empleo protegido?</p> <p>Si la respuesta es afirmativa,</p> <p>¿Cuál es el correspondiente porcentaje de trabajadores discapacitados o desfavorecidos?</p> <p>En caso necesario, especifíquese a qué categoría o categorías pertenecen los trabajadores discapacitados o desfavorecidos de que se trate.</p>	<p>Sí No</p> <p>[...]</p> <p>[...]</p>

⁷ Véase la Recomendación de la Comisión de 6 de mayo de 2003, sobre la definición de microempresa, pequeñas y medianas empresas (DO L 124 de 20.5.2003, p. 36). Este dato se solicita exclusivamente con fines estadísticos.

Microempresa: empresa que cuente con menos de 10 empleados y cuyo volumen de negocios anual o balance total anual no exceda de 2 millones de euros.

Pequeña empresa: empresa que cuente con menos de 50 empleados y cuyo volumen de negocios anual o balance total anual no exceda de 10 millones de euros.

Mediana empresa: empresa que no es ni una microempresa ni una pequeña empresa, que cuente con menos de 250 empleados y cuyo volumen de negocios anual no exceda de 50 millones de euros o cuyo balance total anual no exceda de 43 millones de euros.

⁸ Véase el anuncio del contrato, punto III.1.5.

⁹ Es decir, cuyo objetivo principal sea la integración social y profesional de personas discapacitadas o desfavorecidas.

<p>En su caso, ¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (por ejemplo, en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación?</p>	<p>Sí No No procede</p>
<p>En caso afirmativo:</p> <p>Sírvase responder a las restantes preguntas de esta sección, a la sección B y, cuando proceda, a la sección C de la presente parte, cumplimente, cuando proceda, la parte V, y, en cualquier caso, cumplimente y firme la parte VI.</p> <p>a) Indíquense el nombre de la lista o certificado y el número de inscripción o certificación pertinente:</p> <p>b) Si el certificado de inscripción o la certificación están disponibles en formato electrónico, sírvase indicar:</p>	<p>a) [...]</p> <p>b) (dirección de la página web, autoridad u organismo expedidor, referencia exacta</p>

<p>c) Indíquese las referencias en las que se basa la inscripción o certificación y, en su caso, la clasificación obtenida en la lista oficial¹⁰:</p> <p>d) ¿Abarca la inscripción o certificación todos los criterios de selección exigida?</p> <p>En caso negativo:</p> <p>Sírvase consignar, además, la información que falte en la parte IV, secciones A, B, C o D, según proceda.</p> <p>ÚNICAMENTE, cuando así lo exijan el anuncio pertinente o los pliegos de contratación:</p> <p>e) Podrá el operador económico presentar un certificado con respecto al pago de las cotizaciones a la seguridad social y los impuestos o facilitar información que permita al poder adjudicador o a la entidad adjudicadora obtenerlo directamente a través de una base de datos nacional de cualquier Estado miembro que pueda consultarse gratuitamente?</p> <p>Si la documentación pertinente está disponible en formato electrónico, sírvase indicar:</p>	<p>de la documentación): [...] [...] [...] [...]</p> <p>c)[...]</p> <p>d) Sí No</p> <p>e) Sí No</p> <p>(dirección de la página web, autoridad y organismo expedidor, referencia exacta de la documentación):</p>
---	--

¹⁰ Las referencias y la clasificación, en su caso, figuran en la certificación.

	[...][...][...][...]
--	----------------------

Forma de participación	Respuesta
¿Está participando el operador económico en el procedimiento de contratación junto con otros ¹¹ ?	Sí No
En caso afirmativo, asegúrese de que los demás interesados presentan un formulario DEUC separado.	

<p>En caso afirmativo:</p> <p>a) Indíquese la función del operador económico dentro del grupo (responsable principal, responsable de cometidos específicos, etc.):</p> <p>b) Indíquese a los demás operadores</p>	<p>a): [...]</p>
---	------------------

¹¹ En particular, en el seno de un grupo, consorcio, empresa en participación o similares.

<p>económicos que participan en el procedimiento de contratación conjuntamente:</p> <p>c) En su caso, nombre del grupo participante:</p>	<p>b): [...]</p> <p>c): [...]</p>
Lotes	Respuesta
En su caso, indicación del lote o lotes respecto de los cuales el operador económico desee presentar una oferta:	□

B: INFORMACIÓN SOBRE LOS REPRESENTANTES DEL OPERADOR ECONÓMICO

En su caso, indíquense el nombre y la dirección de la persona o personas habilitadas para representar al operador económico a efecto del presente procedimiento de contratación.

Representación, en su caso	Respuesta
<p>Nombre y apellidos:</p> <p>Junto con la fecha y lugar de nacimiento, si procede:</p>	<p>[...];</p> <p>[...]</p>
Cargo/Capacidad en la que actúa:	[...]
Dirección postal:	[...]
Teléfono:	[...]
Correo electrónico:	[...]

En caso necesario, facilítese información detallada sobre la representación (sus formas, alcance, finalidad, ...)	[...]
---	-------

C: INFORMACIÓN SOBRE EL RECURSO A LA CAPACIDAD DE OTRAS ENTIDADES

Recurso	Respuesta
¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?	Sí No

En caso afirmativo, facilítese un formulario DEUC separado por cada una de las entidades consideradas que recoja la información exigida en las secciones A y B de esta parte y en la parte III, debidamente cumplimentado y firmado por dichas entidades.

Se incluirá también aquí el personal técnico o los organismos técnicos que no estén integrados directamente en la empresa del operador económico, especialmente los responsables del control de la calidad y, cuando se trata de contratos de obras, el personal técnico o los organismos técnicos de los que disponga el operador económico para la ejecución de la obra.

Siempre que resulte pertinente en lo que respecta a la capacidad o capacidades específicas en que se base el operador económico, se consignará la información exigida en las partes IV y V por cada una de las entidades de que se trate¹².

D: INFORMACIÓN RELATIVA A LOS SUBCONTRATISTAS EN CUYA CAPACIDAD NO SE BASA EL OPERADOR ECONÓMICO

(Esta sección se cumplimentará únicamente si el poder adjudicador o la entidad adjudicadora exigen expresamente tal información).

Subcontratación	Respuesta
-----------------	-----------

¹² Por ejemplo, cuando se trate de organismos técnicos encargados del control de calidad: parte IV, sección C, punto 3.

<p>¿Tiene el operador económico la intención de subcontratar alguna parte del contrato a terceros?</p>	<p>Sí No</p> <p>En caso afirmativo y en la medida que se conozca este dato, enumérense los subcontratistas previstos:</p> <p>[...]</p>
--	--

Si el poder adjudicador o la entidad adjudicadora solicitan expresamente tal información, además de la contemplada en la presente sección, facilítese la información requerida en las secciones A y B de esta parte y en la parte III por cada uno de los subcontratistas, o cada una de las categorías de subcontratistas en cuestión.

Parte III: Motivos de exclusión

A: MOTIVOS REFERIDOS A CONDENAS PENALES

El artículo 57, apartado 1, de la Directiva 2014/24/UE establece los siguientes motivos de exclusión:

1. Participación en una organización delictiva¹³.
2. Corrupción¹⁴.
3. Fraude¹⁵.
4. Delitos de terrorismo o delitos ligados a las actividades terroristas¹⁶.

¹³ Tal y como se define en el artículo 2 de la Decisión marco 2008/841/JAI del Consejo, de 24 de octubre de 2008, relativa a la lucha contra la delincuencia organizada (DO L 300 de 11.11.2008, p. 42).

¹⁴ Tal y como se define en el artículo 3 del Convenio relativo a la lucha contra los actos de corrupción en los que estén implicados funcionarios de las Comunidades Europeas o de los Estados miembros de la Unión Europea (DO C 195 de 25.6.1997, p. 1) y en el artículo 2, apartado 1, de la Decisión marco 2003/568/JAI del Consejo, de 22 de julio de 2003, relativa a la lucha contra la corrupción en el sector privado (DO L 192 de 31.7.2003, p. 54). Este motivo de exclusión abarca también la corrupción tal como se defina en la legislación nacional del poder adjudicador (entidad adjudicadora) o del operador económico.

¹⁵ En el sentido del artículo 1 del Convenio relativo a la protección de intereses financiero de las Comunidades Europeas (DO C 316 de 27.11.1995, p. 48).

